




Augas de Galicia
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
Xunta de Galicia

ASUNTO: Denuncia de recheo nas Brañas de Sada

Serafín González Prieto, con DNI 34935654B, na súa calidade de Presidente de SGHN,

EXPÓN:


1. Que o venres 5 de maio de 2023 observouse o traballo de máquinas retoexcavadoras e outra maquinaria pesada, realizando o recheo con aportes externos de materiais en dúas parcelas que están dentro da delimitación do ENIL As Brañas de Sada, localizado no concello de Sada, en contacto co casco urbano de Sada. A localización da zona ten de coordenadas U.T.M. 560309.39, 4799800,44 huso 29 ETRS89.




2. Que unha das parcelas linda cunha lagoa deste sistemas lacustre das Brañas de Sada e vertendo parte do material de aporte nun extremo da lagoa. Neste caso o movemento de terra afectou a lagoa incrementando a turbidez nunha parte da lagoa. Trátase dunhas parcelas dentro do ENIL declarado (ORDE do 27 de xaneiro de 2020) e prorrogado e tamén do proxecto de ENIL definitivo enviado á

Xunta de Galicia para a súa aprobación. Estas áreas corresponden coas parcelas 09, 03 e 16 do catastro e nelas, aparte do recheo, destrúese bosque de ribeira (hábitat prioritario 91EO*).

3. Que moi preto da zona anterior tamén se está realizando un recheo, pero neste caso está en contacto coa canle principal do río Fontoira, estando polo tanto na zona de Policía onde tamén se eliminou vexetación de bosque de ribeira como se pode apreciar na fotografías adxuntas. Esta zona comprenden as parcelas 05, 14 e 06 do polígono catastral. Esta zona está na delimitación do ENIL As Brañas de Sada e figura na cartografía do visor da Xunta de Galicia (<https://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/>) xunto coa nova delimitación do inventario de zonas húmidas de Galicia (RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2023 e publicada no DOG do 13 de marzo de 2023).



4. Que esta zona que se está a rechear tamén se delimita dentro da zonificación de zonas de riscos altos de inundación (ARPSI 2021-2027) o cal contradí a normativa xa que empeora o comportamento dos terreos nos fenómenos de inundacións. Na vila de Sada, xa existiron graves inundacións no 2016 que son en parte minimizadas polo efecto de "esponxa" que exerce o ENIL das Brañas. (<https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>)



Por todo o cal,

SOLICITA:

Que Augas de Galicia informe a SGHN se estas obras (ver documentación gráfica) contan cos permisos do organismo de bacía (Demarcación Hidrográfica Galicia Costa) e:

1. No caso de que teñan permiso, facilite a SGHN copia de toda a documentación destas obras, incluído o informe medioambiental preceptivo.
2. No caso de que carezan de permiso, que se identifique ao infractor, se incoe un expediente sancionador aos responsables e se lles obligue a reverter as parcelas ao estado anterior no que se atopaban.

En Santiago de Compostela a 8 de maio de 2023

Serafín González Prieto

Presidente de SGHN